

**VENTAXAS FISCAIS
DAS
APORTACIÓNS
ÁS
FUNDACIÓNS**

Fundación
Compostela Deporte



Fundación
Compostela Deporte



1. Doacións realizadas por persoas xurídicas.

Dedución: Aquelas empresas suxeitas ó imposto de sociedades, que realicen doacións a unha Fundación acollida á Lei 49/2002, teñen dereito a deducir da cuota íntegra do Imposto de Sociedades, o 35% da base da dedución. Esta dedución aplicase unha vez minorada a cuota íntegra nas bonificacións, deducións por dobre imposición e deducións para incentivar a realización de determinadas actividades

Límites: A Lei establece un límite para esta dedución ó fixar que a base de esta dedución non poderá exceder do 10% da base imponible do período impositivo, pero as cantidades que excedan dito límite poderanse aplicar nos períodos impositivos que concluan nos dez anos inmediatos e sucesivos.

EXEMPLO 1

ANO 2006

“Rodis S.A.” xenera no ano 2006 uns ingresos de 180.000 € e uns gastos fiscalmente deducibles de 110.000 €. Ademais aplica unha dedución por creación de emprego de 900 €. Realizou unha doación monetaria de 6.000 € a unha Fundación acollida á Lei 49/2002. (Aplicase a esta S.A. o tipo xeral do I.S. del 35%).

Liquidación do Imposto de Sociedades 2006

Ingresos	180.000
Gastos fiscalmente deducibles	110.000
Doación	6.000
Resultado contable antes de impostos	64.000
Axustes fiscais	6.000
Base imponible	70.000
IS cuota íntegra (35% s/ BI)	24.500
Dedución emprego	900
Dedución doación	2.100
IS cuota líquida	21.500

* Dedución por unha doación de 6.000 €:

- Límite da base de dedución: 10% de la B.I. = 10% de 70.000 = 7.000. Non se supera o límite legal, polo que pode deducir a totalidade no ano 2006.

- Dedución por doacións: 35% de 6.000 = 2.100

EXEMPLO 2

ANO 2006

“Rodis S.A.” xenera no ano 2006 uns ingresos de 200.000 € e uns gastos fiscalmente deducibles de 125.000 €. Ademais aplica unha dedución por inversión en I+D de 12.000 € e unha dedución por inversións medioambientales de 1.000 €. Realizou unha doación monetaria de 10.000 € a unha Fundación acollida á Lei 49/2002. (Aplicase a esta S.A. o tipo xeral do I.S. do 35%).

Liquidación do Imposto de Sociedades 2006

Ingresos	200.000
Gastos fiscalmente deducibles	125.000
Doación	10.000
Resultado contable antes de impostos	65.000
Axustes fiscais	10.000
Base imponible	75.000
IS cuota íntegra (35% s/ BI)	26.250
Dedución I+D	12.000
Dedución inver. medioamb.	1.000
Dedución doación	2.625
IS cuota líquida	10.625

* Dedución por unha doación de 10.000 €:

- Límite da base de dedución: 10% de la B.I. = 10% de 75.000 = 7.500

- Dedución por doacións: 35% de 7.500 = 2.625

- Exceso de base de dedución aplicable nos períodos impositivos que concluan nos dez anos inmediatos e sucesivos: 2.500

ANO 2007

A S.A. ten 220.000 € de ingresos e 130.000 € de gastos fiscalmente deducibles. Ten unha dedución por dobre imposición internacional de 8.000 €.

Liquidación do Imposto de Sociedades 2007

Rendementos netos traballo persoal	50.000
Mínimo persoal	3.400
Base imponible	46.600
Redución por rendementos do traballo	2.400
Redución aportación plans pensións	1.000
Base liquidable	43.200
Cuota íntegra (% s/ BI)	12.750
Doación Fundación (25% de 800)	200
Cuota líquida	12.550

* Dedución pendente por insuficiencia de cuota íntegra en 2006 (base de 2.500 €)

- Límite da base de dedución: 10% de la B.I. = 10% de 90.000 = 9.000

- Dedución por doacións: 35% de 2.500 = 875

TOTAL DEDUCCIÓN APLICADA: 2.625 + 875 = 3.500 euros

2. Doacións realizadas por persoas físicas.

Dedución: Os contribuintes do IRPF terán dereito a deducir da cuota íntegra o 25% dos donativos que realicen a favor de fundacións.

Límites: A base das deducións por donativos, inversións e gastos realizados en bens de interés cultural, non poderá exceder do 10% da base liquidable do contribuínte. Polo exceso non se poderá practicar dedución.

EXEMPLO 1

ANO 2006

Pedro García soltero e sen descendentes, ten uns rendementos netos do traballo de 50.000 euros anuais procedentes do seu traballo como empleado dunha empresa. No ano 2006 aportou 1.000 euros o seu Plan de Pensións e donou 800 euros a unha Fundación acollida á Lei 49/2002

Liquidación do IRPF 2006

Ingresos	220.000
Gastos fiscalmente deducibles	130.000
Base imponible	90.000
IS cuota íntegra (35% s/BI)	31.500
Dedución dobre imposición	8.000
Dedución doación	875
IS cuota líquida	22.625

* Límite da base de dedución: 10% de la B.L. = 10% de 43.200 = 4.320. Non se supera o límite legal, polo que pode aplicar a dedución completa.